



ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS (EOI)

As ensinanzas de idiomas de réxime especial teñen a finalidade de capacitar o alumnado para o uso axeitado dos idiomas, fóra do réxime ordinario do sistema educativo, e facilitarlle o desenvolvemento da capacidade de adquirir, actualizar, completar e ampliar a competencia comunicativa en linguas estranxeiras, ao longo da vida, para o seu desenvolvemento persoal e profesional.

Nas escolas oficiais de idiomas foméntase especialmente o estudo das linguas oficiais dos Estados membros da Unión Europea, das linguas cooficiais existentes en España e do español como lingua estranxeira. Así mesmo, facilítase o estudo doutras linguas que, por razóns culturais, sociais, económicas ou de oportunidade resulten de especial interese.



ENSINANZAS ARTÍSTICAS ELEMENTAIS E PROFESIONAIS DE DANZA

As ensinanzas artísticas elementais de danza teñen como finalidade promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión dancística adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional. Estas ensinanzas organízanse en catro cursos académicos.

As ensinanzas artísticas profesionais de danza teñen como finalidade proporcionar unha formación artística de calidade e garantir a formación cualificada dos futuros profesionais da danza. Estas ensinanzas organízanse en seis cursos e conducen á obtención do título profesional de danza na especialidade cursada.

Cal é o conservatorio profesional de danza dependente da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades?

- Conservatorio Profesional de Danza de Lugo

Que especialidades se poden estudar neste conservatorio?

- Danza clásica
- Danza contemporánea



ENSINANZAS ARTÍSTICAS ELEMENTAIS E PROFESIONAIS DE MÚSICA

As ensinanzas artísticas elementais de música teñen como finalidade promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional. Organízanse en catro cursos académicos.


As ensinanzas artísticas profesionais de música teñen como finalidade proporcionar unha formación artística de calidade e garantir a formación cualificada dos futuros profesionais da música. Estas ensinanzas organízanse en seis cursos académicos e conducen á obtención título profesional de música na especialidade cursada.

Cales son os conservatorios profesionais de música de Galicia dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades?

- Conservatorio Profesional de Música da Coruña
- Conservatorio Profesional de Música Xan Viaño (Ferrol)
- Conservatorio Profesional de Música Xoán Montes (Lugo)
- Conservatorio Profesional de Música de Ourense
- Conservatorio Profesional de Música Manuel Quiroga (Pontevedra)
- Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela
- Conservatorio Profesional de Música de Vigo

Que especialidades se poden estudar nos conservatorios profesionais de música de Galicia?

As especialidades que se poden cursar son: acordeón, arpa, baixo eléctrico, canto, clarinete, clavecín, contrabaixo, fagot, frauta travesa, frauta de bico, gaita, guitarra, guitarra eléctrica, instrumentos de corda pulsada do Renacemento e Barroco, instrumentos de puga, óboe, órgano, percusión, piano, saxofón, trompa, trompeta, trombón, tuba, viola, viola de gamba, violín, violoncello.



 ENSINANZAS
DE MÚSICA



ENSINANZAS DEPORTIVAS

As ensinanzas deportivas teñen como finalidade preparar ao alumnado para a actividade profesional en relación cunha modalidade ou especialidade deportiva nos diferentes niveis de iniciación, tecnificación e alto rendemento. Desta maneira se facilita a adaptación dos técnicos especialistas ao mundo laboral deportivo.

Estas ensinanzas teñen como obxectivo a formación cualificada de profesionais no eido do deporte.

Como se organizan as ensinanzas deportivas?

As ensinanzas deportivas organízanse en dous graos:

- Grao medio: consta do ciclo inicial e do ciclo final.
- Grado superior: consta dun único ciclo.

Que títulos se obteñen?

Se superas o ciclo final de grao medio obtés o título de Técnico deportivo e se superas o ciclo superior obtés o título de Técnico deportivo superior. Estes títulos teñen carácter oficial e validez académica e profesional en todo o territorio nacional.

Cales son os centros dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades que imparten ensinanzas deportivas?

- CIFP Universidade Laboral (Culleredo)
- IES Nosa Sra. dos Ollos Grandes (Lugo)
- IES As Barxas (Moaña)
- IES Río Cabe (Monforte de Lemos)
- CIFP A Farixa (Ourense)
- IES Sánchez Cantón (Pontevedra)
- CIFP Fontecarmoa (Vilagarcía de Arousa)

Que especialidades deportivas se poden cursar nestes centros?

As especialidades que se poden cursar son: atletismo, baloncesto, balonmán, fútbol, sala e vela.

Acceso directo á universidade:

Real Decreto 534/2024, de 11 de junio

Artículo 5. Quienes hayan obtenido un título de Técnico Deportivo Superior podrán acceder a la universidad sin necesidad de realizar prueba de acceso

Artículo 23.

1.El alumnado que, conforme a lo previsto en la disposición adicional trigésima tercera de la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, esté exento de realizar la prueba de acceso a la universidad, podrá participar en los procedimientos de admisión previstos en el artículo anterior.



ENSINANZAS PROFESIONAIS DE ARTES PLÁSTICAS E DISEÑO

Aplica a túa arte!

As ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño, nas súas especialidades correspondentes, conducen ao título de Técnico/o Superior de Artes Plásticas e Deseño no grao superior, e ao título de Técnico/o no grao medio.

Estas ensinanzas teñen como obxectivo a formación cara a unha práctica profesional con garantías de calidade e a adaptación á evolución das concepcións artísticas e dos procesos técnicos.

Trátase duns estudos baseados na especialización debidamente cualificada e supoñen unha aposta decidida pola incorporación ao mundo laboral estudos baseados na especialización e a aposta decidida pola incorporación ao mundo laboral.

Cales son as escolas de arte e superiores de Deseño en Galicia?

- Escola de Arte e Superior de Deseño Pablo Picasso (A Coruña)
- Escola de Arte e Superior de Deseño Ramón Falcón (Lugo)
- Escola de Arte e Superior de Deseño Antonio Faílde (Ourense)
- Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo (Santiago de Compostela)

Que especialidades dos estudos superiores de Deseño se poden estudar nas escolas de arte e superior de deseño?

- CFGS Cerámica Artística
- CFGS Dourado, Prateado e Policromía
- CFGS Ebanistería Artística
- CFGS Escultura aplicada ao Espectáculo

- CFGS Fotografía
- CFGS Gravado e Técnicas de Estampación
- CFGS Ilustración
- CFGS Técnicas escultóricas
- CFGS Xoiaría Artística
- CFGM Serigrafía Artística


[Acceso directo á universidade:](#)

Real Decreto 534/2024, de 11 de junio, por el que se regulan los requisitos de acceso a las enseñanzas universitarias oficiales de Grado

Artículo 5. Quienes hayan obtenido un título de Técnico Superior de Artes Plásticas y Diseño podrán acceder a la universidad sin necesidad de realizar prueba de acceso

Artículo 23.

1.El alumnado que, conforme a lo previsto en la disposición adicional trigésima tercera de la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, esté exento de realizar la prueba de acceso a la universidad, podrá participar en los procedimientos de admisión previstos en el artículo anterior.



ENSINANZAS DE
ARTES PLÁSTICAS
E DISEÑO



ENSINANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES DE DISEÑO

Deseña o teu futuro!

As ensinanzas artísticas superiores de Deseño conducen ao Título de Grao en Ensinanzas Artísticas Superiores de Deseño na especialidade que corresponda, equivalente, para todos os efectos, ao título universitario de grao.

Estas ensinanzas teñen como obxectivo a formación no ámbito do deseño, dominando os coñecementos científicos, humanísticos, tecnolóxicos e artísticos e os métodos e procedementos asociados a eles. Organízanse en catro cursos académicos de sesenta créditos ECTS cada un.


Nas ensinanzas artísticas superiores de Deseño ensínase e promóvese a cultura do deseño de xeito contemporáneo e multidisciplinar. Uns estudos baseados na educación transversal, a cultura de proxecto e a aposta decidida pola innovación permanente.

Cales son as escolas de arte e superiores de Deseño en Galicia?

- Escola de Arte e Superior de Deseño Pablo Picasso (A Coruña)
- Escola de Arte e Superior de Deseño Ramón Falcón (Lugo)
- Escola de Arte e Superior de Deseño Antonio Fálde (Ourense)
- Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo (Santiago de Compostela)

Que especialidades dos estudos superiores de Deseño se poden estudar nas escolas de arte e superior de deseño?

- Deseño Gráfico (A Coruña, Ourense e Lugo)
- Deseño de Interiores (A Coruña, Ourense e Lugo)
- Deseño de Moda (Santiago de Compostela)
- Deseño de Produto (Santiago de Compostela)



ENSINANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES DE CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BENS CULTURAIS

Revive o patrimonio!

Estas ensinanzas conducen ao Título de Grao en Ensinanzas Artísticas Superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais na especialidade que corresponda, equivalente a tódolos efectos, ao título universitario de grao.

A finalidade destas ensinanzas é a consecución dunha formación científicotécnica, humanística e artística de calidade que garanta a cualificación dos futuros profesionais da conservación e a restauración e capacitándolles para a actualización e incorporación de novos coñecementos. Organízanse en catro cursos académicos de sesenta créditos ECTS cada un.

Onde se poden cursar estes estudos?

- Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia

Que especialidades se poden estudar na Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia?

- Conservación e Restauración de Bens Arqueolóxicos
- Conservación e Restauración de Pintura
- Conservación e Restauración de Escultura



ENSINANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES DE ARTE DRAMÁTICA

As ensinanzas artísticas superiores de Arte Dramática conducen á obtención do Título de Grao en Ensinanzas Artísticas Superiores de Arte Dramática, seguida da especialidade que corresponda, equivalente, para todos os efectos, ao título universitario de grao.

Estas ensinanzas teñen como finalidade a formación cualificada de profesionais nos ámbitos da interpretación, dirección escénica e dramaturxia, escenografía e daquelas áreas de coñecemento, dirección e investigación vinculadas con elas. Organízanse en catro cursos académicos de sesenta créditos ECTS cada un.

Cal é o centro de estudos onde cursar estas ensinanzas?

- Escola Superior de Arte Dramática de Galicia (Vigo)

Que especialidades de arte dramática se poden estudar na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia?


- Dirección escénica e dramaturxia
- Escenografía
- Interpretación

Cales son os itinerarios de Dirección escénica e dramaturxia que se poden estudar en Galicia?

- Dirección escénica
- Dramaturxia

Cales son os itinerarios de Interpretación que se poden estudar en Galicia?

- Textual
- Xestual



ENSINANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES DE MÚSICA

Estes estudos conducen ao Título de Grao en Ensinanzas Artísticas Superiores de Música, seguido da especialidade e itinerario correspondentes, equivalente a tódolos efectos, ao título universitario de grao.

Estas ensinanzas teñen como finalidade a formación cualificada de profesionais que dominen os coñecementos propios da música nos ámbitos da composición, dirección, interpretación, musicoloxía, pedagogía e da produción e xestión. Organízanse en catro cursos académicos de sesenta créditos ECTS cada un.

Cales son os conservatorios superiores de música en Galicia?

- Conservatorio Superior de Música da Coruña
- Conservatorio Superior de Música de Vigo

Que especialidades se poden estudar nos conservatorios superiores de música de Galicia?

- Composición
- Dirección
- Interpretación
- Musicoloxía
- Pedagogía
- Produción e xestión



Máster en Ensinanzas Artísticas de Creación, Interpretación e Investigación Musical

Primeiro máster en ensinanzas artísticas de Galicia.

Duración

1 curso académico, cun total de 60 créditos ECTS.

As ensinanzas artísticas superiores de máster son de nivel MECES 3, que se corresponde co nivel 7 do Marco europeo de cualificacións.

En que centro educativo pódese cursar?

- No Conservatorio Superior de Música de Vigo

Que itinerarios se poderán estudar?

- Creación
- Interpretación
- Investigación

Con que instrumentos poderei cursar o itinerario de Interpretación?

Canto, clarinete, clave, contrabaixo, fagot, frauta travesa, guitarra, instrumentos de corda pulsada do Renacemento e do Barroco, óboe, percusión, piano, saxofón, trompeta, trompa, tuba, viola, viola da gamba, violín, violín barroco e violoncello.

